



**INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, PRBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO PARA O CURSO 2017-18.**

A Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (DOG do 25 de marzo) establece no seu artigo 2º que a consellería competente en materia de educación convocará, cando menos unha vez ao ano, as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para aqueles aspirantes que non reúnan os requisitos para o acceso directo ás mesmas.

A Resolución do 30 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2017/18.

Unha vez rematado o prazo ordinario de matrícula para os/as aspirantes que superaron o proceso de acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o vindeiro ano académico 2017-18, conséntase a existencia de prazas vacantes para cursar os ciclos formativos de grao superior de “Dourado, prateado e policromía”, “Ebanistería artística”, “Técnicas escultóricas”, “Escultura aplicada ao espectáculo”, “Cerámica artística”, “Gráfica publicitaria”, “Fotografía”, “Ilustración”, “Gravado e técnicas de estampación”, “Proxectos e dirección de obras de decoración”, e ensinanzas modulares de “Taller de Dourado e prateado” e “Taller de Talla en Madeira” nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nos Centros Autorizados de Artes Plásticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o exposto, compre establecer un novo proceso de acceso e admisión a estas ensinanzas e para estes centros, polo que esta Dirección Xeral **RESOLVE** autorizar a realización de probas específicas de acceso aos ciclos formativos de grao superior en convocatoria extraordinaria, a realizar na primeira e segunda semanas do mes de setembro de 2017.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na Resolución do 30 de maio de 2017, citada, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polo tribunal e segundo o calendario que se indican no anexo a esta instrución.

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2017.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Manuel Corredoira López

**Srs. /a Directores/a das Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**



## **ANEXO**

### **Calendario:**

#### Inscripción para as probas:

A inscrición para a realización das probas de acceso realizarase nas secretarías das seguintes EEASSD:

- “Antonio Faílde” de Ourense, para o ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño en “Ebanistería artística”, “Fotografía” e “Ilustración”.

- “Mestre Mateo” de Santiago de Compostela, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en, “Gráfica publicitaria”, “Proxectos e dirección de obras de decoración”, “Técnicas escultóricas”, e ensinanza modular de “Taller de dourado e prateado”.

- “Pablo Picasso” da Coruña, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en “Dourado, prateado e policromía” e “Escultura aplicada ao espectáculo” e ensinanza modular de “Taller de Talla en Madeira”.

- “Ramón Falcón” de Lugo, para os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño en “Cerámica artística”, “Fotografía” e “Gravado e técnicas de estampación”

#### Prazo de inscrición:

**Dende o día da recepción desta instrución ata o día 8 de setembro de 2017.**

*Publicación de inscritos/as, nas páxinas web das EEASSD de Galicia.*

**Día 11 de setembro de 2017.**

#### Realización da proba específica:

**Día 13 de setembro de 2017, na Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) “Mestre Mateo”, e segundo o seguinte horario:**

**Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.**

**Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.**

**Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.**

**As EASD “Mestre Mateo” organizará a distribución horaria e de espazos de ocupación do tribunal que actúe nelas.**

*Publicación de cualificacións provisionais nas páxinas web das EEASSD de Galicia.*

**Día 14 de setembro de 2017.**

*Publicación das cualificacións definitivas e asignación de prazas nas páxinas web das EEASSD de Galicia e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:*

**Día 15 de setembro de 2017.**

#### Matrícula:

**Días 18 e 19 de setembro de 2017.**

#### **Tribunal:**

**Tribunal encargado da organización, realización e cualificación das probas específicas de acceso a todos os ciclos formativos de grao superior obxecto desta convocatoria extraordinaria, e que actuará na EASD “Mestre Mateo”, de Santiago de Compostela:**



Tribunal titular:		Tribunal suplente:	
Presidente:	Miguel Ángel Mantilla González	Presidenta:	Ofelia Cardo Cañizares
Vogal 1ª	Mª. Dolores Peláez Rivero	Vogal 1º	Armando García Ferreiro
Vogal 2ª	Elena Carpintero Troncoso	Vogal 2º	Mª. Sol Fernández Pérez
Vogal 3º	Santiago Castro Gil	Vogal 3ª	Marta María Cousiño Gómez
Vogal 4ª	Germán Álvarez Refojo	Vogal 4º	Faína Manchón González

As suplencias dos membros do tribunal por causa xustificada serán resoltas pola Dirección da EASD á que estea destinado o membro do tribunal, e nomeando á/ao suplente que corresponda.